

Ordenanza xeral de limpeza - Réxime Interior - Limpeza

23 de Agosto de 2005

ORDENANZA XERAL DE LIMPEZA DO CONCELLO DE OLEIROS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os residuos que se producen nos núcleos de poboación convírtense en axentes de degradación ambiental cando non se atende con normalidade á súa retirada, eliminación ou aproveitamento. A limpeza das vías públicas e dos espazos comunitarios regúlase na presente Ordenanza, que presta tamén atención aos espazos, aínda que sexan privados, que por estar libres de edificacións poidan convertirse en focos de insalubridade. A ordenación de todos estes espazos constitúe unha competencia municipal, encamiñada sobre todo á protección do medio ambiente, o que supón unha obriga de tódolos poderes públicos e tamén dos particulares.

Regúlanse no texto, no seu Título I, unha serie de disposicións xerais que conteñen os principios de actuación e as definicións dos elementos obxecto de ordenación. O Título II refírese á limpeza da vía pública, con disposicións tanto sobre o seu uso xeral como as medidas concretas que son posteriormente amplamente reguladas no Título adicado á recollida de residuos urbanos. Outórgase unha concreción á limpeza de inmobles e á tenza de animais.

O Título III regula a limpeza derivada de usos especiais da vía pública, tales como: a colocación de terrazas de hostelería (que pecha o marco normativo configurado actualmente pola Ordenanza municipal de ordenación da vía pública); os actos ou manifestacións públicas; ou a colocación de carteis e pancartas na vía pública.

O Título IV denomínase actos vandálicos, e ten a pretensión de resolver un problema social importante, dado que conductas prohibidas con carácter xeral na normativa de seguridade e orde pública, non fan senón reproducirse de cotío, o que supón un conxunto de molestias importante para a cidadanía e que derivan nun custo económico notable para as arcas públicas, detraendo a posibilidade de adicar os recursos en beneficio de todos. Na nova regulación pártese do esquema constituído pola reparación dos danos causados á administración, e pretende o fomento da educación social, facilitando a substitución das multas e indemnizacións por traballos comunitarios en determinados casos. Esta é a única vía que de xeito positivo facilitará a extinción do problema, socializando a educación e non os custos.

O Título V adícase á recollida dos residuos urbanos, coas distintas especies de lixo que

se poden atopar, singularizando no Capítulo VI un conxunto de oito seccións adicadas a outras tantas especies de residuos especiais.

O Título VI refírese ao tratamento e aproveitamento dos residuos, no que se artella o fomento que a administración municipal pode facer de iniciativas encamiñadas ao reciclaxe e protección do medio ambiente, e se definen as funcións dos vertedoiros.

O Título VII, derradeiro, explicita o réxime sancionador aplicable ás infraccións ao disposto na presente Ordenanza, que debe interpretarse especialmente en canto á específica regulación do vandalismo que se contén no Título IV, que foi comentada. Neste Título faise un recoñecemento expreso da normativa aplicable na actualidade, incorporando en canto ás contías das sancións económicas e á clasificación das infraccións as previsións do Título XI da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, incorporado polo artigo 1.4 da Lei 57/03, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local. Todo isto sen prexuízo de acudir á normativa administrativa sectorial de residuos que con rango de lei estea vixente tanto no marco estatal como autonómico.

En definitiva, a Ordenanza pretende unha protección integral dos espazos públicos dentro do seu ámbito material, cunha adecuación á normativa administrativa sectorial vixente, e que era aconsellable debido á antigüidade da Ordenanza Municipal aplicable ata a data, que contaba con trece anos. O novo texto pretende adaptar a normativa municipal ás manifestacións normativas estatais e autonómicas recentes, e poñer de manifesto a obriga e intención do Concello en canto á defensa do medio ambiente en beneficio de todos.

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto

No presente texto regúlanse as actividades dirixidas á limpeza dos espazos públicos e a recollida de residuos para conseguir as condicións axeitadas de pulcritude e ornato urbano, así como as actuacións susceptibles de causar lixamentos ou deterioros na vía pública.

Artigo 2. Actividades obxecto de regulación

Para a consecución do obxecto definido no artigo anterior a Ordenanza regula as seguintes actividades:

a) A limpeza da vía pública e dos solares de propiedade municipal e o control e

realización subsidiaria da limpeza de solares de propiedade privada.

b) A limpeza dos bens demaniais con independencia da tipoloxía de usos aos que estean adscritos.

c) A recollida de residuos sólidos urbanos.

d) A acumulación, carga, transporte de verquido de terras, entullos, cascallos e outros materiais asimilables producidos como consecuencia de obras ou derrubos.

e) O control e a inspección dos sistemas e equipamentos destinados ao tratamento, aproveitamento, depósito e eliminación dos residuos.

f) Calquera outra actividade susceptible de producir lixamento na vía pública.

Artigo 3. Tipos de residuos

1. Considérase residuo calquera substancia ou obxecto do que o seu posuidor teña a intención ou obriga de desprenderse ou se desprenda. En todo caso, terán esta consideración os que figuren nalgún catálogo de residuos aprobado por institucións comunitarias, estatais ou autonómicas.

2. Considérase residuo urbano os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servicios, así como aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

3. Terán tamén a consideración de residuos urbanos os seguintes:

a) Residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.

b) Animais domésticos mortos.

c) Mobles, enseres e electrodomésticos desbotados.

d) Residuos, entullos e cascallos procedentes de obras de construción e reparación domiciliaria e movementos de terras.

e) Vehículos abandonados.

4. Considérase residuo perigoso aquel que figure catalogado como tal pola normativa comunitaria ou os que poida aprobar o Goberno de conformidade co establecido na normativa europea ou en convenios internacionais dos que España sexa parte.

Artigo 4. Principios xerais

O Concello de Oleiros, en colaboración coa administración autonómica e a estatal, coordinará as súas competencias en orde a realizar unha planificación concertada e unha execución conxunta das accións necesarias para:

- a) Promover a redución dos residuos sólidos urbanos.
- b) Fomentar a recollida selectiva, a reutilización, a reciclaxe e o uso como fonte de enerxía das fraccións non reciclables.
- c) Conseguir un depósito controlado dos residuos ou das súas fraccións en condicións de que non poñan en perigo a saúde das persoas nin provoquen o deterioro do medio ambiente.
- d) Impedir o tratamento e depósito sen adecuación dos residuos sólidos urbanos ou as súas fraccións e rexenerar os espazos degradados a consecuencia deles.
- e) Desenvolver programas de información, sensibilización e concienciación social que susciten a participación e colaboración activa dos cidadáns, as empresas e os produtores en xeral en todo o proceso dos residuos sólidos urbanos.

Artigo 5. Obrigas xerais

1. Todos os cidadáns están obrigados a cumprir esta Ordenanza e as disposicións complementarias que en materia de limpeza en xeral, mantemento do ornato público ou estética do municipio dicte a Alcaldía no exercicio das súas facultades.
2. Os axentes da Policía Local poderán esixir en todo momento o cumprimento inmediato da presente ordenanza, obrigando ao causante dun lixamento á súa reparación, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.

Artigo 6. Principio de subsidiariedade

1. O Concello realizará subsidiariamente os traballos de limpeza que segundo a presente Ordenanza corresponda efectuar directamente aos responsables, exaccionando o coste da actuación, e sen prexuízo da instrución do expediente sancionador correspondente.
2. Os servizos municipais poderán proceder á limpeza da vía pública, ou ao mantemento, reparación e limpeza dos elementos e partes exteriores dos inmobles, e á carga, retirada, transporte e eliminación dos materiais residuais abandonados.

TÍTULO II

LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA E OUTROS ESPACIOS LIBRES OU CON ACCESO A ELA

CAPÍTULO I

PERSOAS OBRIGADA Á LIMPEZA

Artigo 7. Limpeza da rede viaria pública

A limpeza dos espazos de uso e dominio público e a recollida dos residuos procedentes dela realizarase polos servizos da administración competentes, coa frecuencia conveniente para a axeitada prestación do servizo e a través das formas de xestión que se acorde conforme á normativa de réxime local.

Artigo 8. Limpeza de espazos particulares

1. Corresponde aos propietarios ou comunidades de propietarios a limpeza de:

- a) Patios de luces, patios de mazá, galerías comerciais ou calquera outra zona común de uso particular.
- b) A limpeza de solares e fincas de propiedade privada, non sinalados anteriormente.

2. Os residuos obtidos pola actividade de limpeza deberán depositarse en recipientes normalizados para a súa recollida selectiva polos servizos autorizados, quedando prohibido depositalos directamente na vía pública.

Artigo 9. Fincas sen edificar

1. Os propietarios de solares e terreos deberán mantelos limpos, libres de residuos e nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e ornato público. Esta obriga inclúe a esixencia de desratización e desinfección dos solares.

2. De conformidade coa Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o Concello poderá ordear a execución desas obras de limpeza por motivos de interese turístico, estético ou de hixiene. No caso de que se incumpra a orde de execución das obras, a administración municipal procederá á súa execución forzosa mediante a execución subsidiaria ou a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros, reiterables ata lograr a execución das obras ordeadas.

3. Os propietarios de solares ou terreos que linden coa vía pública deberán valalos con cerramentos situados na aliñación oficial, construídos con materiais que garantan a súa

estabilidade e conservación, e respectando en canto a estas condicións e á súa altura a normativa urbanística do Concello.

4. Se por motivos de interese público ou sanitario fose necesario asumir subsidiariamente as obrigas do propietario, o Concello, coa correspondente autorización xudicial cando proceda, poderá acceder aos solares de propiedade privada, imputando os custes da actuación que corresponda aos propietarios do terreo.

CAPÍTULO II

USO XERAL DA VÍA PÚBLICA POLOS TRANSEÚNTES

Artigo 10. Concepto de vía pública

1. Para os efectos da limpeza, considéranse vía pública as rúas, avenidas, paseos, prazas, travesías, camiños, xardíns, zonas verdes e demais bens públicos de uso público municipal destinadas directamente ao uso común xeral dos cidadáns.

Artigo 11. Prohibicións

Prohíbense as seguintes accións:

1. Botar ou abandonar na vía pública toda clase de produtos en estado sólido ou líquido. Os residuos sólidos de pequeno formato xerados por quen transite polas rúas, prazas ou xardíns, depositaranse por quen queira desprenderse deles en pequena cantidade nas papeleiras instaladas para tal fin.
2. Danar as papeleiras, movelas, volcalas ou arrincalas, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inservibles para o seu uso.
3. Botar cigarros ou cabichas e semellantes acesos nas papeleiras. En todo caso, deberán depositarse unha vez apagados.
4. Botar no chan calquera clase de despoxo dende os vehículos, xa estean detidos ou en marcha.
5. Espilir roupa ou alfombras sobre a vía pública, nin tampouco dende balcóns ou terrazas fóra do horario seguinte: dende as 7:00 ata as 08:00 horas da mañá. Esta operación, no horario permitido, realizarase de xeito que non cause danos nin molestias a persoas ou cousas.
6. Regar as prantas colocadas no exterior dos edificios se a consecuencia desta operación prodúcense verquidos e salpicaduras sobre a vía pública ou sobre os seus

elementos. O rego farase conforme co horario establecido no apartado anterior da Ordenanza, e sempre coa debida precaución e coidado co fin de non producir molestias a veciños e peóns.

7. Facer as necesidades fisiolóxicas na vía pública.

Artigo 12. Residuos voluminosos

Os materiais residuais voluminosos, e os de pequeno tamaño pero en gran cantidade, deberán ser obxecto de libramento ordenado aos servizos de recollida de lixo. Se pola súa cantidade, formato ou natureza fose imposible prestar este servizo, deberán evacuarse de acordo co disposto sobre a recollida e transporte de residuos industriais e especiais.

Artigo 13. Limpeza de elementos de servizo público

A limpeza dos elementos destinados ao servizo do cidadán situados na vía pública pero que non estean baixo a responsabilidade municipal corresponderá efectuala aos titulares administrativos dos respectivos servizos.

Artigo 14. Verquidos

Queda prohibida calquera operación que poida lixar as vías e espazos libres públicos, e en particular:

- a) Reparar, lavar ou limpar vehículos, así como cambiarlles o aceite ou outros líquidos.
- b) Manipular ou seleccionar os desfeitos dos residuos urbanos, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases.
- c) Baleirar o contido de piscinas na vía pública.
- d) Derramar e verter augas sucias sobre terreos de dominio público ou terreos sen edificar, causándose prexuizos de entidade sanitaria.

CAPÍTULO III

MEDIDAS RESPECTO A DETERMINADAS ACTIVIDADES

Artigo 15. Obrigas xerais

As actividades que poidan ocasionar suciedade na vía pública, calquera que sexa o lugar no que se desenvolvan, e sen prexuízo das licenzas ou autorizacións que en cada caso sexan procedentes, requiren dos seus titulares a obriga de adoptar as medidas necesarias

para evitar a suciedade na vía pública, así como limpar a parte dela e dos seus elementos estruturais que se visen afectados, e a de retirar os materiais resultantes.

Artigo 16. Obras

1. As persoas que realicen obras deberán protexer a vía pública mediante a colocación de elementos axeitados arredor dos derrubos, terras e outros materiais sobrantes de obra.

2. As superficies inmediatas de gabias, canalizacións e conexións realizadas na vía pública deberán manterse limpas e exentas de toda clase de materiais residuais. As terras extraídas deberán protexerse e todo caso segundo determina o apartado anterior.

3. Cando se trate de obras na vía pública ou anexos da mesma, deberán instalarse valados e elementos de protección así como tubos para carga e descarga de materiais e produtos de derrubo, que deberán reunir as condicións necesarias para impedir que se lixe a vía e que se causen danos ás persoas e cousas.

4. Prohíbese abandonar na vía pública calquera material residual, ou realizar verquidos nela. Os residuos depositaranse mediante elementos de contención autorizados polo Concello.

5. A utilización de contedores para obras será sempre preceptiva cando os materiais de extracción ou recollida excedan do volume dun metro cúbico. Estes contedores non poden ser utilizados para depositar o lixo doméstico ou calquera tipo de produto non derivado das obras.

6. A retirada de entullos xerados polas actividades ás que se refire o presente artigo deberá realizarse dentro das 24 h seguintes ao remate das obras. Se transcorre este prazo e os cascallos non fosen retirados, os servizos de limpeza municipais realizarán a súa recollida con cargo ao responsable, sen prexuízo das sancións que correspondan.

Artigo 17. Operacións de carga e descarga

1. Os titulares dos vehículos que efectúen operacións de carga e descarga están obrigados a limpar as beirarrúas e calzadas que fosen lixadas durante a operación, e retirarán da vía pública os residuos verquidos.

2. Os titulares dos establecementos, fincas ou inmobles para quen se efectúen as devanditas operacións, deberán esixir o cumprimento das obrigas descritas no anterior apartado na contratación dos servizos. De non facelo así, responderán solidariamente do seu cumprimento.

Artigo 18. Vehículos nas vías públicas

Os titulares de talleres de reparación de vehículos, os propietarios de camiões e de vehículos de transporte de mercadorías ou pasaxeiros que, sen prexuízo da autorización administrativa solicitada previamente ao Concello, e logo da súa concesión, estacionen habitualmente na vía pública, estarán obrigados a manter limpos os espazos ocupados.

Artigo 19. Vehículos de transporte de terras, entullos, formigón, etc.

1. Os propietarios e conductores de vehículos que transporten terras, entullos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou materiais similares, deberán adoptar as medidas necesarias para evitar que, a causa da súa natureza ou por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caian sobre a vía pública parte dos materiais transportados.

2. Do mesmo xeito, estarán obrigados a lavar os baixos e rodas dos vehículos antes da súa saída das obras, evitando lixar a vía pública.

3. Dos incumprimentos do que se determina neste artigo serán responsables as empresas que realicen as actividades descritas ou os propietarios dos vehículos.

Artigo 20. Establecemento de servizos

1. Quen estea ao fronte de quioscos ou postos de venda de mercadorías autorizados na vía pública está obrigado a manter limpo o espazo no que se desenvolva o seu cometido e as súas proximidades durante o horario no que realicen a súa actividade, e a deixalo en correcto estado unha vez que esta finalice.

2. A mesma obriga téñena os donos de cafés, bares e establecementos hosteleiros en canto á superficie da vía ou espazo público que se ocupe coas correspondentes terrazas, así como a beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada.

3. Corresponde efectuar a limpeza das beirarrúas, sendo responsables por omisión ante o Concello, aos titulares de negocio, cando se trate de comercios ou tendas situadas na planta baixa, e en proporción á parte de beirarrúa que afecte ao seu fronte, aínda que non estean no caso previsto nos apartados anteriores.

4. A limpeza de escaparates, tendas, postos de venda, das beirarrúas, etc. estará autorizada dende as 07:00 ata as 11:00 da mañá, e dende as 20:00 ata as 22:00 h.

5. Os produtos do barrido e limpeza da vía pública correspondentes aos particulares non poderán, en ningún caso abandonarse na rúa, senón que deberán recollese en recipientes homologados e entregarse ao servizo de recollida do lixo domiciliaria, se procede facelo así segundo o seu volume. En caso contrario, entregaranse de acordo co establecido nesta Ordenanza sobre da recollida dos residuos industriais ou especiais.

Artigo 21. Mobles e enseres particulares

1. Prohíbese abandonar mobles e enseres particulares na vía pública.
2. Será potestade da administración municipal a retirada de todo obxecto ou material abandonado cando dificulte o paseo, a libre circulación ou poida afectar á limpeza ou decoro da vía.
3. O depósito destes materiais rexerase en todo momento pola lexislación vixente. Os gastos producidos polo seu traslado, depósito e custodia destes materiais será por conta dos seus propietarios ou produtores.

Artigo 22. Prohibicións

1. Prohíbese realizar na vía pública os actos especificados a continuación:
 - a) Baleirar, verter ou depositar calquera clase de materiais residuais na calzada, beirarrúas, solares sen edificar e á rede de sumidoiros.
 - b) Verter calquera clase de auga sucia sobre as calzadas, beirarrúas e bordos.
 - c) O verquido de calquera produto industrial líquido, sólido ou solidificable, que pola súa natureza sexa susceptible de producir danos aos pavimentos ou afectar á integridade e seguridade das persoas e das instalacións municipais.
 - d) Realizar calquera acto que produza suciedade ou sexa contrario á limpeza e ornato da vía pública.

Artigo 23. Actividades ambulantes

As actividades circenses, teatros ambulantes, tiovivos e outras que polas súas características especiais utilicen a vía pública, sen prexuízo de obter o correspondente permiso, están obrigados á limpeza e adecentamento dos espazos utilizados, debendo repoñelos ao estado orixinario cando finalice a súa actividade. Neste caso, o Concello poderá esixir ao interesado a constitución dunha garantía para asegurar o cumprimento desta obriga. No suposto de incumprir a obriga de limpeza, esta realizarase por parte dos servizos públicos por conta dos responsables da actividade, e sen prexuízo da instrucción do expediente sancionador que corresponda.

CAPÍTULO IV

LIMPEZA DE INMOBLES

Artigo 24. Norma xeral

Os propietarios de fincas, vivendas e establecementos deben mantelos en estado de limpeza e salubridade, cun adecentamento das partes visibles dende a vía pública, de xeito que se uniformice a súa estética, acorde co seu entorno urbano.

Artigo 25. Limpeza das partes exteriores dos inmobles

1. Os propietarios de edificios, fincas, vivendas e establecementos terán a obriga de manter limpas as fachadas, os rótulos de numeración das rúas, as entradas, escaleiras de acceso e, en xeral, as partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública.
2. En todo ao que se refire o apartado precedente, os propietarios deberán realizar os traballos de mantemento, limpeza, rebozado e estucado, cando por motivos de ornato público sexa necesario e o orde a autoridade municipal, logo do informe dos servicios municipais competentes.
3. Os propietarios tamén terán a obriga de manter limpas as chemineas, depósitos, patios, patios de luces, conduccións de auga e de gas, pararraios, antenas de televisión e calquera outra instalación complementaria dos inmobles.
4. Prohíbese ter á vista do público nas aberturas das casas e barandas exteriores das terrazas roupa tendida sucia ou lavada e calquera outra clase de obxecto que sexa contrario ao decoro da vía pública ou ao mantemento da estética urbana.
5. O incumprimento das previsións deste artigo implicará a apertura dun procedemento sancionador.

CAPÍTULO V

TENZA DE ANIMAIS

Artigo 26. Responsabilidades

1. Os propietarios son directamente responsables dos danos a persoas e cousas e de calquera acción que ocasione suciedade na vía pública producida por animais da súa pertenza.
2. En ausencia do propietario, será responsable subsidiariamente a persoa que levase o animal no momento de producirse a suciedade.
3. Ante unha acción que cause suciedade na vía pública producida por un animal, os axentes da Policía Local están facultados en todo momento para:
 - a) Esixir do propietario ou posuidor do animal a reparación inmediata do lixamento causado.

b) Denunciar a infracción cometida.

Artigo 27. Tránsito dos animais

1. As persoas que paseen cans ou outra clase de animais pola vía pública están obrigados a impedir que aqueles realicen as súas deposicións nas partes da vía pública destinadas ao tránsito de persoas.
2. Por motivos de salubridade pública, queda prohibido que os animais realicen as súas deposicións sobre as beirarrúas, xardíns, zonas verdes, zonas terrosas e restantes elementos da vía pública destinados ao paso ou estancia dos cidadáns.
3. En tódolos casos, a persoa que conduza o animal está obrigada a recoller e retirar os excrementos e a limpeza da parte da vía pública afectada.

TÍTULO III

LIMPEZA DERIVADA DE USOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA

CAPÍTULO I

TERRAZAS DE HOSTELERÍA

Artigo 28. Condicións de limpeza

1. Os titulares de establecementos que teñan autorizada e dispoñan dunha terraza de hostelería, ou titulares de postos de venda autorizados, terán a obriga de manter nas debidas condicións de limpeza tanto as propias instalacións como o espacio urbano da súa influencia.
2. O Concello poderá esixir aos titulares expresados no apartado anterior a colocación de elementos que autorice para a contención dos residuos producidos polo consumo nos seus establecementos, correspondéndolles o mantemento e limpeza dos ditos elementos.
3. Os titulares das terrazas de hostelería teñen prohibido o almacenamento ou apilamento de produtos ou materiais xunto ás terrazas, así como residuos propios das instalacións, e terán que cumprir con tódalas condicións de hixiene e seguridade recollidas na presente Ordenanza e na da utilización especial da vía pública de xeito temporal, mediante terrazas de hostelería, máquinas automáticas expendedoras e instalacións desmontables, publicada no BOP núm. 24, do 31 de xaneiro de 2005.

CAPÍTULO II

ACTOS OU MANIFESTACIÓNS PÚBLICAS

Artigo 29. Responsabilidade da organización

A organización dunha actividade na vía pública ou en espazos públicos será responsable da suciedade derivada da súa celebración. Para os efectos da limpeza, os organizadores do acto terán a obriga de comunicar ao Concello o lugar e horario do evento. O Concello poderá esixir a constitución dunha fianza en metálico ou aval bancario para garantir a reposición dos espazos públicos ao seu estado orixinario.

CAPÍTULO III

COLOCACIÓN DE CARTEIS E PANCARTAS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 30. Definicións

Para os efectos da presente Ordenanza considéranse:

- a) Carteis: os anuncios (impresos ou pintados) sobre papel ou outro material de escasa consistencia.
- b) Octavillas: Carteis de formato reducido e distribución manual.
- c) Pancartas: Anuncios publicitarios de grande tamaño situados ocasionalmente na vía pública por un período non superior a 15 días, coincidindo coa celebración dun acto público.
- d) Folletos: Fragmentos de papel ou material análogo entregado aos cidadáns na vía pública ou que se difundan con motivo de calquera manifestación, pública ou privada.
- e) Rótulos: Anuncios fixos ou móbiles realizados mediante pintura, baldosas e outros materiais destinados a conferirlles unha longa duración. Terán a condición de rótulos os carteis que, debido ás súas condicións de colocación ou protección, estean destinados a ter unha duración superior a 15 días.

Artigo 31. Autorización previa

1. A colocación e pegado de carteis e pancartas, distribución de octavillas, a realización de publicidade mediante megafonía, e calquera outra actividade publicitaria das reguladas no presente Capítulo está suxeita á autorización municipal. Queda prohibida a súa colocación ou manifestación sen o permiso correspondente.

2. A concesión da autorización para colocar ou distribuír rótulos e demais elementos

publicitarios definidos no artigo anterior levará implícita a obriga para o responsable de limpar os espazos da vía pública sucios, e de retirar dentro do prazo autorizado tódolos elementos publicitarios instalados.

3. Para colocar ou distribuír na vía pública elementos publicitarios sinalados no artigo 31 o Concello poderá esixir a constitución da fianza ou aval bancario, pola contía correspondente aos custes previsibles de limpar ou retirar da vía pública os elementos que poidesen causar suciedade.

Artigo 32. Prohibicións

1. Prohíbese toda clase de actividade publicitaria das reguladas neste Capítulo nos edificios catalogados como patrimonio histórico-artístico, coa excepción das pancartas ou rótulos que fagan referencia ás actividades que terán lugar no edificio, colocados polos responsables delas.

2. Prohíbese a colocación de carteis e pancartas en bens afectos a un servizo público municipal, como é o caso das marquesinas e contedores. O promotor ou beneficiario desta publicidade procederá á retirada destes carteis ou pancartas e á limpeza dos elementos públicos, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.

3. Prohíbese o fixado de carteis e a suxeición de pancartas no arborado. O promotor ou beneficiario desta publicidade procederá á retirada destes carteis ou pancartas e á restauración das condicións previas da árbore, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.

4. Prohíbese desgarrar, arrincar e/ou tirar á vía pública carteis, anuncios ou pancartas autorizadas.

5. Prohíbese a realización de actividades publicitarias mediante megafonía, agás nos supostos de autorización municipal previa.

Artigo 33. Columnas anunciadoras municipais

1. O Concello poderá situar columnas anunciadoras para colocar carteis e adhesivos, cando estes conteñan propaganda de actos ou actividades de interese cidadá.

2. En todo caso, non pode iniciarse a colocación de anuncios nas columnas anunciadoras antes da obtención da correspondente autorización municipal.

Artigo 34. Supostos autorizados para a colocación de carteis e pancartas e uso de megafonía na vía pública

1. A colocación de carteis e pancartas e banderolas, e o uso de megafonía na vía pública autorizarase:

a) En período de eleccións políticas e de acordo co previsto na lexislación do réxime electoral xeral.

b) En situacións expresamente autorizadas pola Alcaldía, como eventos festivos, cos condicionamentos que correspondan ao caso.

2. As pancartas e banderolas só poderán conter a propaganda de tipo político ou popular obxecto da correspondente solicitude de autorización, sen incluír ningunha outra clase de publicidade.

3. A solicitude de autorización para a colocación de pancartas ou banderolas deberá conter:

a) O contido e medidas da pancarta.

b) O lugar onde se pretende instalar.

c) O tempo en que permanecerá instalada.

d) O compromiso do responsable de reparar os desperfectos causados na vía pública, e de indemnizar os danos e perdas que se puidesen ocasionar.

4. As pancartas e banderolas deberán retirarse tan axiña como caduque o prazo para o que se autorizaron. De non facerse así, os servizos municipais retirarannas, e se lles imputará aos seus responsables os custes correspondentes ao servizo prestado, e sen prexuízo da imposición da sanción correspondente.

Artigo 35. Distribución de octavillas

1. Prohíbese espallar, tirar ou repartir toda clase de octavillas na vía pública cando non se dispoña da autorización para esas actividades.

2. Os servizos de recollida do lixo limparán a parte ou espazo público afectado pola distribución ou espallamento de octavillas, e se lles imputará aos seus responsables o custe correspondente aos servizos prestados, sen prexuízo da imposición da sanción que corresponda.

3. Prohíbese colocar octavillas nos automóbiles estacionados na vía pública, ou deixalas nos portais de vivendas de xeito que poidan ensuciar os espazos públicos.

TÍTULO IV

ACTOS VANDÁLICOS

CAPÍTULO I

PINTADAS

Artigo 36. Prohibición de facer pintadas

Prohíbese facer calquera clase de pintadas na vía pública, tanto nos seus elementos estruturais como nos accesorios, así como nos muros e paredes exteriores dos edificios públicos ou privados.

Artigo 37. Reparación de danos

1. O responsable da comisión de pintadas, a maiores da instrucción do procedemento sancionador que corresponda, terá a obriga de reparar os danos causados aos bens públicos, para o que será requirido pola administración, sen prexuízo de realizar as obras de limpeza e acondicionamento á súa costa.

2. No caso de causar danos a bens privados, estes reclamaranse no seu caso polos perxudicados de acordo ás previsións do dereito común, sen prexuízo da instrucción do procedemento sancionador por parte do Concello.

CAPÍTULO II

DANOS NO MOBILIARIO URBANO

Artigo 38. Norma xeral

Os causantes de desperfectos en elementos do mobiliario urbano responderán pola comisión da infracción administrativa, ademais de quedar obrigados a repoñer ao seu estado orixinario os bens danados, para o que serán requiridos pola administración, que poderá empregar tódolos medios compulsorios admitidos en dereito. Todo o anterior sen prexuízo de aplicar, de ser o caso, a normativa de seguridade cidadá ou penal pola comisión dun delicto de danos contra os bens públicos.

Artigo 39. Bancos

Non se permite o uso inadecuado dos bancos, ou todo acto que perxudique ou deteriore a súa conservación e, en particular, arrincar aqueles que estean fixos, trasladar de lugar os que non estean fixados a chan, agrupalos de xeito desordenado, deterioralos intencionadamente, realizar inscricións ou pintadas. As persoas encargadas da custodia

dos nenos deberán evitar que nos seus xogos depositen sobre os bancos barro ou calquera elemento que poida perxudicar aos demais usuarios.

Artigo 40. Xogos infantís

A utilización do mobiliario de xogos infantís realizarase por nenos con idades comprendidas nos carteis indicadores que estean instalados. Prohíbese a súa utilización por adultos ou menores que excedan da idade axeitada, que serán sancionados polo seu uso.

Artigo 41. Papeleiras e contedores de lixo

1. As papeleiras e contedores son elementos do mobiliario urbano de uso obrigatorio para o depósito de desfeitos ou papeis dos que se queiran desprender os transeúntes.
2. Prohíbese todo dano das papeleiras e contedores, tal e como movelos do seu sitio, arrincalos ou volcalos. Prohíbese tamén facer inscricións ou pegar elementos neles, incendialos ou realizar actos que deteriorenen a súa estética ou entorpezan o seu uso normal.
3. Os deterioros producidos nas papeleiras e contedores implicarán a obriga dos responsables de restituílas ao seu estado orixinario, sen prexuízo da instrucción do procedemento sancionador que corresponda.

Artigo 42. Fontes e lavadoiros públicos

Prohíbese realizar calquera dano nos canos ou elementos das fontes, que non sexan as propias da utilización normal. Logo da utilización do lavadoiro débense retirar tódolos desperdicios producidos pola actividade e despositalos nos contedores do servizo de recollida de lixo.

CAPÍTULO III

CONSUMO DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 43. Norma xeral

Sen prexuízo das competencias das distintas administracións públicas en orde ao control sobre o consumo de drogas especialmente cara ao colectivo dos menores de idade, e valorando que do consumo de bebidas alcohólicas na rúa resulta a produción de residuos sólidos que son abandonados nela, queda prohibida esta práctica.

Artigo 44. Prohibicións

1. Prohíbese o consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, fóra dos espazos que resulten autorizados aos titulares de negocios que dispoñan de permiso para instalar terrazas de hostelería, ou no caso de acontecementos puntuais autorizados polo Concello como eventos festivos.

2. A comisión da conducta prohibida polo apartado anterior implicará unha infracción administrativa sancionable.

3. Se no caso de consumir bebidas alcohólicas na vía pública se abandonasen residuos nela, ou se causasen danos aos bens públicos, esta conducta determinará un concurso de infraccións, co establecemento de responsabilidade para os infractores, dado que quedarán obrigados a repoñer os bens públicos ao seu estado orixinario, para o que a administración poderá empregar os elementos compulsorios validamente admitidos en dereito.

4. Os axentes da autoridade quedan facultados para interromper inmediatamente manifestacións públicas na rúa de consumo de bebidas alcohólicas en grupos, conminando aos seus participantes a deixar libre a vía pública, e sen prexuízo de identificar e denunciar ás persoas infractoras.

5. Queda prohibida, baixo a responsabilidade dos titulares dos establecementos, a venda ou o subministro de bebidas nos establecementos de hostelería ou de alimentación para ser consumidas na vía pública, salvo nos servizos de terrazas de hostelería ou outras instalacións que contasen con autorización municipal para esta actividade concreta.

6. A Policía Local e os servizos municipais competentes, estarán facultadas para investigar, inspeccionar, recoñecer e controlar todo tipo de locais e instalacións a efectos de verificar o cumprimento polos seus titulares das limitacións e prohibicións establecidas na presente Ordenanza.

7. Os titulares, xerentes, encargados ou responsables da actividade sometida a control municipal estarán obrigados a prestar a axuda e colaboración necesaria para a realización da labor inspectora referida á comprobación do cumprimento dos preceptos da Ordenanza. Incurrirán en infracción os que mediante oposición activa ou por simple omisión entorpezan, dificulten ou impidan o desenvolvemento da devandita labor.

CAPÍTULO IV

SUBSTITUCIÓN DE MULTAS E INDEMNIZACIÓNS POR TRABALLOS COMUNITARIOS

Artigo 45. Habilitación

1. O conxunto de multas a que poden dar lugar a instrución dos expedientes

sancionadores pola comisión das infraccións recollidas no Título IV desta Ordenanza, e as indemnizacións polos danos a bens públicos a que poidesen dar lugar as devanditas infraccións, poderán substituírse pola realización de traballos en beneficio da comunidade polos infractores.

2. Estas medidas adoptaranse sen prexuízo e con respecto ás competencias que no caso poidesen ter outras administracións públicas ou a xurisdicción penal.

Artigo 46. Substitución de multas

1. O instrumento de substitución habilitado no artigo anterior proporase polo instructor do expediente, logo da valoración das circunstancias do caso. A resolución motivada que poña fin ao procedemento sancionador poderá establecer a sanción de traballos comunitarios, axustándose á seguinte gradación:

a) Por infraccións leves previstas na presente Ordenanza: traballos de 3 a 10 horas.

b) Por infraccións graves previstas na presente Ordenanza: traballos de 11 a 20 horas.

c) Por infraccións moi graves previstas na presente Ordenanza: traballos de 21 a 30 horas.

2. Os traballos realizaranse de conformidade coas instrucións que se sinalen na resolución sancionadora, e baixo a supervisión do departamento de servicios municipais que, cando así se dispoña na resolución, achegará os materiais necesarios para realizar os traballos.

3. En todo caso, a realización dos traballos tratará de dispoñerse do xeito que perxudique o menos posible as circunstancias persoais ou profesionais do sancionado.

4. Dentro dos períodos para formular alegacións dos que dispoñen os denunciados na sede do procedemento sancionador, poden instar ao instructor para que adopte a poposta de substitución das sancións pecuniarias polos traballos en beneficio da comunidade. Esta alegación poderá ser realizada polo denunciado persoalmente ou a través dos seus representantes legais, pais ou titores, de ser o caso.

Artigo 47. Substitución da indemnización por danos e perdas

1. A substitución das posibles indemnizacións habilitado no artigo 45 será proposta polo instructor do expediente, logo da valoración das circunstancias do caso. A resolución motivada que poña fin ao expediente sancionador axustarase á gradación dos traballos comunitarios fixada no artigo 46.1, pero en ningún caso o número de horas de traballo será inferior á estimación de tempo necesaria para corrixir os danos realizados nos bens públicos. Cando se faga na resolución que poña fin ao expediente mención expresa á

substitución da indemnización de danos xunto coa da multa pecuniaria, a realización satisfactoria dos traballos extinguirá tódalas responsabilidades do infractor.

2. Dentro dos períodos para formular alegacións dos que dispoñen os denunciados na sede do procedemento sancionador, poden instar ao instructor a que adopte a proposta de substituír, xunto coas sancións pecuniarias, a indemnización de danos e perdas, por traballos en beneficio da comunidade. Esta alegación poderá ser realizada polo denunciado persoalmente ou a través dos seus representantes legais, pais ou titores, se é o caso.

TÍTULO V

DA RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS

CAPÍTULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 48. Horario e recepción

Este artigo comprende as normas que deben cumprir os produtores dos residuos enumerados no artigo 3 con referencia a súa presentación e entrega para a recollida e transporte. Así, normas xerais son:

- a) Horario xeral de recollida de residuos: o lixo depositarase entre as 21 e as 24 h, e se prohíbe depositalo fóra do horario establecido. No caso de incumprir esta norma, o infractor estará obrigado a retirar o lixo depositado, e deixar limpo o espazo que se ensuciase. A madrugada do sábado ao domingo non se presta o servizo de recollida do lixo, quedando prohibido depositar o lixo dende as 24 horas do venres ata as 21 horas do domingo.
- b) Horario de recollida de residuos para os locais de hostelería: os locais de hostelería contarán cos elementos de contención axeitados no seu interior, dado que non poderán depositar o lixo fóra do horario establecido. Nembargantes, poderán facer o libramento no momento do peche do local, aínda que se exceda do límite das 24 horas, e sempre antes de que se procedese ao paso do servizo de recollida. Esta excepción non subsistirá na madrugada do sábado ao domingo, dado que non se presta o servizo de recollida do lixo, quedando prohibido depositar o lixo dende as 24 horas do venres (ou hora de peche do establecemento), ata as 21 horas do domingo.
- c) Recepción de residuos: Realizaráa o persoal adicado a este labor. Os produtores de residuos que os entreguen a un terceiro non autorizado serán responsables solidarios de calquera prexuízo que poida derivarse desa actuación, así como das sancións que

proceda impoñer. Dos danos producidos no proceso de eliminación como consecuencia da mala fe na entrega dos residuos, será responsable o que fixera a entrega.

Artigo 49. Prohibicións

1. Ningunha persoa física ou xurídica poderá adicarse á recollida, transporte e aproveitamento dos residuos sólidos urbanos, calquera que sexa a súa natureza, sen a previa concesión ou autorización municipal.
2. Prohíbese o depósito de residuos en terreos que non estean autorizados polo Concello.
3. Prohíbese a evacuación de residuos sólidos ou líquidos pola rede de sumidoiros municipal.

Artigo 50. Recollida

1. A recollida de residuos urbanos realizarana os servizos da administración competentes, coa frecuencia conveniente para a axeitada prestación do servizo e a través das formas de xestión que se acorden conforme coa normativa de réxime local.
2. Para realizar o servizo de recollida dos residuos, os usuarios aboarán a taxa que corresponda en función dos servizos prestados, de acordo co sinalado nas ordenanzas fiscais.

Artigo 51. Cualificación dos residuos

Os servizos de limpeza estarán facultados para interpretar segundo a natureza dos residuos o tipo de recollida que lles corresponda, así como a súa aceptabilidade ou non de acordo coas precisións desta Ordenanza.

CAPÍTULO II

RESIDUOS DOMICILIARIOS

Artigo 52. Definición

Considéranse residuos domiciliarios aqueles que proceden da normal actividade doméstica, así como os producidos en establecementos comerciais que, pola súa natureza e volume, se asimilen aos anteriores, por non superar un volume na entrega diaria de 20 litros.

Artigo 53. Puntos de recollida

O Concello fomentará a separación en orixe dos residuos urbanos, facilitando o seu maior aproveitamento con fines de recuperación e reciclaxe. A tal fin, distribuirá en distintas áreas do termo municipal puntos de recollida, contedores ou recipientes especiais para o depósito diferenciado de materiais non orgánicos, tales como: vidrios, latas, pilas, papel e cartón.

Artigo 54. Operacións do servizo de recollida de residuos urbanos

A prestación do servizo de recollida de lixo comprenderá as seguintes operacións:

- a) O traslado do lixo dende os puntos de libramento e o baleirado nos vehículos de recollida.
- b) A devolución dos elementos de contención, logo de baleirados, aos puntos orixinais, debendo deixalos colocados de xeito que non afecten á visibilidade do tráfico e non ocasionen molestias aos demais usuarios da vía.
- c) A retirada dos residuos verquidos na vía pública como consecuencia destas operacións.
- d) O transporte e a descarga dos residuos nos equipamentos habilitados a tal efecto.

Artigo 55. Recipientes para os residuos domiciliarios

1. A presentación dos residuos domiciliarios farase obrigatoriamente no tipo de recipiente normalizado que, en cada caso, sinala o Concello, de acordo coa natureza dos residuos, as características do sector ou a vía pública, e coa planificación realizada para a recollida e transporte por parte do servizo municipal competente.
2. Nas zonas, sectores ou barrios onde a recollida se efectuou mediante recipientes herméticos subministrados pola administración, os usuarios de tales recipientes teñen a obriga de conservalos e mantelos en axeitadas condicións, coa dilixencia que o dereito común require aos usuarios de bens alleos, e serán responsables do deterioro que os recipientes poidan sufrir pola súa culpa ou negligencia.

Artigo 56. Uso dos recipientes para residuos urbanos

1. Os usuarios do servizo deberán cumprir as seguintes regras:
 - a) Usarase unicamente o contedor asignado á comunidade de veciños ou establecemento.
 - b) Só se depositarán verquidos urbanos, quedando excluídos os líquidos, entullos, enseres ou mobles, animais mortos, etc.

- c) Non se depositará ningún material en combustión, nin se fará lume nas proximidades.
- d) Os residuos depositaranse nos contedores en bolsas hermeticamente pechadas, nunca lixo a granel.
- e) Aproveitarase a capacidade dos contedores, e para iso, se é preciso, partiranse os obxectos voluminosos
- f) O contedor manterase sempre coa tapadeira pechada.
- g) Non se modificará a súa ubicación sen autorización municipal, e a operación realizaráa o servizo de recollida ou limpeza.
- h) Nas urbanizacións ou barrios con rúas interiores nas que sexa difícil o acceso do vehículo colector, os recipientes deberán colocarse ao paso do vehículo colector.
- i) Os contedores manterase sempre ben conservados.
- l) Queda prohibida estacionar vehículos de tal xeito que impidan o normal acceso aos contedores de lixo, tanto aos usuarios como ao persoal do servizo de recollida e limpeza.
- m) Os servizos de recollida de lixo poderán rexeitar a retirada de lixo que non estea convenientemente presentado de acordo coas especificacións do apartado anterior.

Artigo 57. Contedores

A administración deberá proceder á limpeza dos elementos contedores sucios, así como impoñer a súa renovación, retirando incluso o contedor inservible e substituíndoo por un novo. Tanto no caso da limpeza como no da substitución, poderase imputar o custo do servizo ao responsable de acordo co que sinale a ordenanza fiscal correspondente, e sen prexuízo de impoñer a sanción que proceda.

Artigo 58. Reservas de espacio

1. O Concello poderá establecer vados e reservas especiais do espacio urbano para carga, descarga e demais operacións necesarias para a colocación de contedores de lixo.
2. As urbanizacións de nova construción deberán contar con espazos proxectados para a ubicación dos elementos de contención do lixo, que serán obxecto de fiscalización pola administración con carácter previo á súa colocación e, en todo caso, autorizados administrativamente. Deberase nestas instalacións facilitar o uso do servizo polos cidadáns e a preservación do entorno da urbanización.

3. Nas zonas onde o Concello estableza a recollida de lixo mediante o uso de contedores fixos na rúa, os cidadáns coidarán de non impedir as operacións correspondentes á súa descarga, carga e traslado. Esta conducta implicará unha infracción sancionable.

Artigo 59. Retirada de residuos en centros públicos ou privados, vivendas, mercados, galerías de alimentación e centros sanitarios

A retirada dos residuos farase por parte dos servizos públicos competentes, pero non o seu varrido nin limpeza. Estas operacións terán que realizarse coa frecuencia que sexa necesaria para manter os locais nas debidas condicións de salubridade e hixiene.

Artigo 60. Residuos en cantidades superiores á produción diaria normal

1. Cando unha entidade ou establecemento tivese, por calquera causa, que desprenderse de residuos urbanos en cantidades superiores ás que constitúen a produción diaria normal, non poderá depositalos conxuntamente cos residuos habituais.

2. Nos casos en que se dea a circunstancia do apartado anterior, a entidade poderá, logo da autorización municipal, transportalos a través dos seus propios medios aos puntos de transformación ou eliminación que correspondan á súa natureza, ou ben poderá solicitar a súa retirada por parte dos servizos públicos. En ámbolos dous casos, a administración pasará o correspondente cargo pola eliminación, transformación ou transporte dos residuos.

CAPÍTULO III

USO DE INSTALACIÓNS FIXAS PARA O ALMACENAMENTO DO LIXO

Artigo 61. Incineradores

Prohíbese a instalación de incineradores domésticos para lixo, salvo autorización previa outorgada polo servizo competente.

Artigo 62. Contedores de locais especiais

Os edificios para locais comerciais de hostelería, industrias, galerías de alimentación e centros sanitarios deberán dispoñer dun espazo pechado de dimensións suficientes para acumular e almacenar o lixo producido diariamente. Esta acumulación de lixo farase mediante o uso de elementos de contención estancos e perfectamente pechados, de xeito que o lixo sexa facilitado aos servizos de recollida nos horarios autorizados.

CAPÍTULO IV

RESIDUOS INDUSTRIAIS

Artigo 63. Definición

Son residuos que polas súas características non poidan ser clasificados como inertes ou asimilables aos residuos urbanos e, en xeral, os que presenten un risco potencial para a saúde pública ou o medio ambiente.

Artigo 64. Dos produtores, posuidores, almacenadores ou calquera outro terceiro que interveña na manipulación ou tratamento dos residuos industriais

Os produtores, posuidores, almacenadores ou calquera outro terceiro que interveña na manipulación ou tratamento dos residuos industriais están obrigados a adoptar cantas medidas de seguridade sexan precisas para asegurar que o transporte, eliminación ou, se é o caso, aproveitamento dos recursos industriais, se realice sen perigo para as persoas e o medio ambiente.

Artigo 65. Recollida, transporte e almacenaxe

1. A recollida, transporte e almacenaxe poderá realizarse por parte da administración mediante xestión directa ou indirecta, ou por terceiros debidamente autorizados que acrediten a idoneidade e a seguridade dos medios para levala a cabo e mediante vehículos especialmente acondicionados para evitar todo risco.

2. No caso de que sexa a administración quen realice estas actividades, comprenderá as seguintes operacións:

a) Traslado e carga en orixe dos residuos aos vehículos de recollida

b) Transporte e descarga dos residuos aos vertedoiros ou centros de recepción ou, se é o caso, transvase a outros servizos autorizados.

c) Devolución aos puntos orixenarios dos elementos de contención unha vez baleirados.

3. No caso de que a realización das actividades sexa efectuada polos produtores, almacenadores e transportistas, estes deberán solicitar e obter o correspondente permiso para o seu depósito, e sempre axustándose aos requisitos esixidos pola lexislación específica de acordo coa súa natureza. Na solicitude deberán describir os tratamentos adoptados e a súa efectividade prevista.

Artigo 66. Carga, descarga e depósito

1. A carga dos residuos industriais, en calquera dos casos anteriores, deberá facerse no interior do establecemento, salvo que polas súas características deba realizarse na vía

pública. Neste caso, non poderán permanecer nela por un tempo superior a dúas horas, e os elementos de contención deben retirarse inmediatamente unha vez baleirados.

2. Os residuos industriais deberán depositarse en vertedoiros públicos de titularidade municipal ou supramunicipal, ou ben en vertedoiros privados autorizados.

3. Cando os residuos sexan inicialmente perigosos, ou poidan resultar de tal condición polo transcurso do tempo, só poderán depositarse en instalacións especiais que aseguren a súa destrución ou inocuidade.

4. O Concello poderá esixir que se realicen tratamentos previos para reducir os riscos das operacións de recollida e transporte.

5. Unha vez depositados os residuos nos vertedoiros de seguridade, serán os seus propietarios os responsables dos danos e perdas que poidesen causar.

CAPÍTULO V

RESIDUOS PERIGOSOS

Artigo 67. Residuos perigosos

1. Cando á xuízo do servizo municipal competente, e pola súa natureza, os residuos urbanos poidesen presentar características que os fagan tóxicos ou se atopen listados polo Real decreto 952/97, esixirase ao seu produtor ou posuidor que previamente á súa recollida realice un tratamento para eliminar ou reducir no posible estas características, ou que os deposite na forma ou lugar axeitados.

2. O depósito dos residuos tóxicos recollidos efectuarase nos centros de tratamento autorizados para o efecto.

3. Os produtores ou posuidores de residuos potencialmente perigosos, ou que polas súas características poidan producir trastornos no transporte e tratamento, serán responsables en todo momento de cantos danos se produzan. Quedan obrigados a presentar no Concello información completa da súa orixe e da cantidade e características do residuo.

CAPÍTULO VI

RESIDUOS ESPECIAIS

Sección 1ª. Residuos sanitarios

Artigo 68. Definición

Considéranse residuos sanitarios:

- a) Os procedentes de vendaxes, gasas, algodón, xeringas, restos de medicamentos ou os seus envases, etc.
- b) Os asimilables a residuos domiciliarios, tales como restos de comidas e lixo procedentes das limpeza e embalaxes.
- c) En xeral, todo residuo que se produza en clínicas, sanatorios, hospitais, laboratorios e demais establecementos sanitarios de carácter análogo.

Artigo 69. Responsabilidade

Os produtores de residuos sanitarios serán os responsables de que os mesmos sexan xestionados por persoal cualificado.

Artigo 70. Recollida, tratamentos e almacenaxe

1. Os residuos asimilables aos domiciliarios recolleranse e eliminaranse de forma idéntica a estes.
2. Os residuos sanitarios estarán debidamente envasados e pechados, e para ese fin se empregarán recipientes normalizados. A recollida farase utilizando vehículos especiais que non utilicen sistemas de compactación.
3. Os residuos patolóxicos e os infecciosos deberán presentarse en recipientes ríxidos dun só uso e hermeticamente pechados. A recollida e eliminación serán similares á empregada para os residuos clínicos ou biolóxicos, extremándose as medidas preventivas.

Sección 2ª. Alimentos e produtos caducados

Artigo 71. Retirada de alimentos e produtos caducados

Os propietarios dos establecementos comerciais poderán solicitar que o servizo de limpeza retire os alimentos e produtos caducados, no caso de que sexa necesaria unha retirada especial por constituir un risco sanitario. Para isto deberán proporcionar a información necesaria co fin de efectuar unha correcta eliminación, e coa obriga de aboar a taxa establecida na correspondente ordenanza fiscal.

Sección 3ª. Animais mortos

Artigo 72. Prohibición

Prohíbese o depósito de animais mortos no lixo domiciliario e en calquera clase de terreos, ríos ou sumidoiros, así como a súa inhumación ou incineración non autorizada.

Artigo 73. Comunicación

Calquera cidadán que observe a presenza dun animal morto deberá comunicalo ao servizo municipal competente para a súa retirada nas condicións hixiénicas necesarias.

Sección 4ª. Escorias e cinzas

Artigo 74. Retirada

1. As escorias e cinzas dos xeradores de calor poderán retirarse por parte da administración a petición dos interesados, quedando obrigados a aboar o fixado pola correspondente ordenanza fiscal.

2. Queda prohibido facer lume directamente na vía pública de xeito que se dane a calzada ou a beirarrúa. O responsable dos danos quedará obrigado á reparación dos mesmos, podendo ser requerido polo Concello á súa efectividade a través de calquera dos medios compulsorios admitidos en dereito, e sen prexuízo da instrución dun procedemento sancionador.

Sección 5ª. Mobles e enseres

Artigo 75. Normas xerais

1. As persoas que pretendan desprenderse de mobles ou enseres voluminosos, que non poidan ser librados a través do servizo de recollida de lixo domiciliario, solicitaranllo ao servizo competente con carácter previo. Prohíbese depositar ou abandonar tales residuos nos espazos públicos.

2. O Concello poderá autorizar a entidades ou empresas privadas, así como a institucións benéficas, a recollida deste tipo de elementos no horario e condicións que se fixe para o efecto.

Sección 6ª. Recollida sectorial de residuos

Artigo 76. Contedores de residuos especiais

1. A administración poderá establecer servizos de recollida sectorial de residuos, co establecemento de contedores reservados para determinadas categorías deles. Prohíbese depositar nos ditos contedores materiais residuais distintos dos expresamente consignados en cada caso.

2. Queda prohibido manipular entre os obxectos e residuos depositados nos contedores aos que se refire a presente Sección.

Sección 7ª. Vehículos abandonados

Artigo 77. Consideración de vehículo abandonado

1. De acordo coa normativa de seguridade vial, considérase vehículo abandonado o que se atope nalgún destes casos:

a) Cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo se depositou logo da súa retirada da vía pública por parte da autoridade competente.

b) Cando permaneza estacionado por un tempo superior a un mes no mesmo lugar e presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula.

2. Cando un vehículo se atope nun dos casos previstos no apartado anterior terá o tratamento de residuo sólido urbano.

Artigo 78. Prohibición

1. Queda prohibido, en todo caso, abandonar vehículos fóra de uso nas vías ou espazos públicos.

2. Aqueles vehículos definidos no artigo 77 serán retirados polos servizos municipais.

3. Calquera persoa poderá comunicar ao Concello ou aos axentes da autoridade a existencia dun vehículo ou dos seus restos posiblemente abandonados, sen que por tal actuación adquira dereito ningún sobre aqueles ou o seu valor.

Artigo 79. Retirada dos vehículos

1. Cando se retire un vehículo da vía pública que teña as características descritas no artigo 77, o Concello notificará ao titular ou lexítimo propietario a retirada do vehículo.

2. No suposto contemplado no artigo 77.1.a), naqueles vehículos que, aínda tendo signos de abandono, manteñan a placa de identificación ou dispoñan de calquera signo ou marca visible que permite a identificación do seu titular, requirírase a este, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, para que en 15 días retire o vehículo do depósito, coa advertencia de que, no caso contrario, procederá ao seu tratamento como residuo sólido urbano.

3. No caso de que o propietario do vehículo ou os seus restos fose descoñecido, a notificación indicada efectuarase no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial de Provincia da Coruña.

Artigo 80. Depósito dos vehículos e gastos

Os vehículos recollidos polos servizos municipais do Concello depositaranse nas dependencias municipais destinadas a tal efecto, e os seus titulares quedan obrigados a aboar a taxa que corresponda polo depósito e retirada fixada na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 81. Eliminación

Unha vez transcorrido o prazo para que o titular do vehículo o retire sen que así o faga, será tratado como residuo sólido urbano, e o Concello adquirirá a súa propiedade para poñelo a disposición dun xestor de residuos autorizado para a súa eliminación, tramitándose a súa correspondente baixa definitiva ante a administración de Tráfico.

Sección 8ª. Terras e entullos

Artigo 82. Operacións e definicións

1. A presente sección regulará as seguintes operacións:

a) O libramento, carga, transporte, acumulación e verquido dos materiais residuais sólidos cualificados como terras e entullos.

b) A instalación na vía pública de contedores para obras destinados á recollida e transporte de terras e entullos.

2. Teñen a consideración de terras e entullos os seguintes materiais residuais:

a) As terras, pedras e materiais similares que porveñan de excavacións.

b) Os residuos resultantes de traballos de construción, demolición, derrubo e, en xeral, tódolos sobrantes de obras maiores e menores.

c) Os restos de mobiliario, cartóns, trastos e materiais residuais de actividades industriais ou comerciais.

d) Calquera outro material residual asimilable aos anteriores.

Artigo 83. Prohibicións

1. En relación con esta materia, queda prohibido:

- a) O verquido incontrolado dos materiais mencionados no artigo anterior, ou efectuado de xeito incorrecto.
- b) O verquido en terreos públicos ou privados non habilitados ou autorizados.
- c) A ocupación indebida de terreos ou bens de dominio público con elementos residuais.
- d) O deterioro dos pavimentos e restantes elementos estruturais do Concello.
- e) A suciedade da vía pública e demais superficies do termo municipal.
- f) O depósito na vía pública de entullos procedentes de obras de construción, así como fóra dos límites dos valados protectores das obras.
- g) A utilización dos recipientes destinados a residuos domiciliarios para depositar os entullos procedentes de calquera clase de obras e derrubos.

2. Sen prexuízo da incoación dos expedientes sancionadores que procedan, o Concello poderá retirar os verquidos ou depósitos de entullos prohibidos con cargo aos seus produtores.

Artigo 84. Contedores para obras

- 1. Os produtores de terras e entullos deberán almacenar tales residuos en contedores autorizados polo servizo municipal competente.
- 2. Os contedores para obras situadas no interior acotado de zonas de obras que contén con autorización non precisarán licenza, pero deberán axustarse ás disposicións desta Ordenanza.
- 3. As ordenanzas fiscais regularán o pago da taxa correspondente á colocación dos contedores na vía pública.
- 4. Os contedores para obras só poderán utilizarse polos titulares da licenza correspondente. Ningún terceiro poderá efectuar verquidos de ningunha clase no contedor, de non mediar autorización previa do titular da licenza.

Artigo 85. Características dos contedores

- 1. Os contedores para obras están obrigados en todo momento a presentar no seu exterior de maneira perfectamente visible o nome ou razón social e teléfono do propietario ou da empresa responsable.

2. Os contedores para obras deberán ser unha vez cheos tapados inmediatamente de modo axeitado, de maneira que non se produzan verquidos ao exterior de materiais residuais. É tamén obrigatorio tapar os contedores cando finalice o horario de traballo.

3. Os materiais depositados no contedor non poderán rebasar o plano delimitado polas súas arquetas superiores, e se prohíbe o uso de suplementos que aumenten a capacidade do recipiente.

Artigo 86. Instalación e retirada dos contedores

1. As operacións de instalación e retirada dos contedores para obras deberán realizarse de xeito que non causen molestias para os veciños.

2. Os contedores de obras deberán utilizarse ou manipularse de xeito que o seu contido non se verta á vía pública ou non poida ser levantado ou espallado polo vento.

3. Ao retirar o contedor, o titular da licenza de obras deberá deixar en perfectas condicións de limpeza a superficie da vía pública ocupada.

4. O titular da licenza de obras será responsable dos danos causados ao pavimento da vía pública ocupada. Terá a obriga de comunicar inmediatamente ao Concello o dano producido, e correrá pola súa conta a reparación dos danos.

Artigo 87. Colocación dos contedores

1. Os contedores situaranse no interior da zona pechada de obras e, de non ser posible, colocaranse nas beirarrúas logo de ser autorizados.

2. Na súa colocación deberán observarse as seguintes normas:

a) Situaranse diante da obra á que serven ou tan preto como sexa posible.

b) Non poderán situarse de xeito que impidan a visibilidade de vehículos, nos pasos de peóns, nin nos vados nin reservas de estacionamento ou parada, excepto cando estas reservas foran solicitadas para a mesma obra.

c) Na colocación dos contedores terán que cumprirse tódalas condicións que se establecen na Ordenanza de utilización especial da vía pública, en canto á seguridade e a facilitación de acceso aos espazos públicos ou privados. No caso de que estean instalados nas beirarrúas terán que deixar obrigatoriamente un corredor para paso dunha anchura mínima de 130 cm.

d) Os contedores colocaranse de xeito que a súa parte máis longa esté situada en sentido

paralelo á beirarrúa.

e) Cando os contedores estean situados na calzada, deberán colocarse a 20 cm. da beirarrúa, de xeito que non impidan que as augas superficiais alcancen e discurran polo escorredor, debendo protexerse o contedor coas medidas que en orde ao mantemento da seguridade vial se fixen na licenza, singularmente para facelos visibles pola noite.

f) Cando os contedores estean situados na beirarrúa, deberán colocarse no bordo desta.

Artigo 88. Retirada dos contedores

Os contedores para obras retiraranse da vía pública:

a) Cando remate o tempo polo que se concedeu a licenza de obra.

b) En calquera momento, a requirimento motivado da Policía Municipal.

c) Cando estean cheos de entullos, para proceder ao seu baleirado, nun prazo nunca superior a 24 h.

Artigo 89. Libramento de terras e entullos

1. O libramento de terras e entullos por parte dos cidadáns efectuarase do seguinte xeito:

a) Mediante o servizo de recollida de lixo domiciliario cando o volume de entrega diario non sobrepase os 20 litros.

b) Directamente nos contedores de obras instalados na vía pública que contén con licenza, cando o realice o titular do permiso.

c) Directamente nos lugares de acumulación de terras e entullos establecidos pola administración que estean situados no termo municipal.

2. En tódolos libramentos de terras e entullos a que fai referencia o apartado anterior, a persoa que os realice será responsable da suciedade que se ocasione na vía pública e está obrigado a deixar limpo o espazo afectado. No caso dos contedores de obras, a limpeza realizarase en intervalos non superiores a dúas horas e ao remate de cada xornada de traballo ou das obras.

Artigo 90. Prohibicións en canto as libramentos

No que respecta ao libramento e verquido de terras e entullos, prohíbese:

a) Depositarse nos contedores de obra residuos que conteñan materiais inflamables,

explosivos, nocivos ou perigosos, susceptibles de podredume ou de producir cheiros desagradables, e toda clase de materiais residuais que por calquera causa poidan producir molestias aos usuarios da vía pública.

b) Depositar mobles, enseres ou calquera outro material residual similar nos contedores de obras, salvo que se trate de entullos procedentes das obras a realizar.

c) Vertelos en terreos de dominio público municipal ou terreos particulares, cando non o autorice expresamente o Concello.

Artigo 91. Transporte de terras e entullos

1. Os vehículos en que se efectúe o transporte de terras en entullos reunirán as debidas condicións para evitar o verquido do seu contido sobre a vía pública.

2. Na carga dos vehículos adoptaranse as medidas e precaucións necesarias para impedir lixar a vía pública.

3. Non se permite que os materiais transportados sobrepasen os extremos superiores. Queda prohibida tamén a utilización de complementos adicionais non autorizados para aumentar as dimensións ou a capacidade de carga dos vehículos ou contedores.

4. Os materiais transportados deberán cubrirse e protexerse de xeito que non se desprenda polvo nin se produzan verquidos de materiais residuais.

5. No caso de que como consecuencia das operacións de carga e descarga se lixe a vía pública, os transportistas de terras e entullos están obrigados a limpar inmediatamente o tramo de vía afectada. De non facelo así, os servizos de limpeza adecentarán a zona por conta dos responsables, sen prexuízo de instruír o correspondente procedemento sancionador.

6. Os vehículos de transporte de terras e entullos deberán estar en axeitadas condicións de limpeza, polo que logo das operacións de carga e descarga os seus responsables coidarán de proceder ao lavado das rodas dos vehículos para impedir que lixen a calzada cando circulen, podendo ser sancionados en caso contrario.

Artigo 92. Horarios para librar terras e entullos

1. A entrega de terras e entullos aos servizos de recollida domiciliaria a que se refire o artigo 89.1a) farase dentro do horario establecido para dito servizo.

2. O libramento de terras e entullos nos contedores de obras farase durante as horas en que non cause molestias aos veciños.

3. Prohíbese a permanenza na rúa dos contedores de obras dende as 15:00 horas do sábado ata as 07:00 horas do luns seguinte.

TÍTULO VI

TRATAMENTO DE RESIDUOS

Artigo 93. Os vertedoiros

1. Os vertedoiros están destinados á eliminación de residuos urbanos, suxeitos ao control e competencia municipal ou supramunicipal. A súa situación, instalación, forma de verquido e funcionamento deberá cumprir o establecido na lexislación vixente.
2. Calquera vertedoiro que non cumprira o establecido no artigo anterior considerárase clandestino e se clausurará inmediatamente, sen prexuízo das sancións e responsabilidades nas que se incorra.
3. As instalacións industriais para a eliminación ou aproveitamento dos residuos deberán axustarse ao establecido na normativa medioambiental.

Artigo 94. Aproveitamento dos residuos

1. Unha vez depositados os residuos na rúa, dentro dos elementos de contención autorizados, mentres non son recollidos polos servizos municipais, adquirirán o carácter de propiedade municipal.
2. Ninguén pode recoller ou aproveitar ningún tipo de residuo sen autorización previa. Está prohibido seleccionar, clasificar e separar calquera clase de material residual depositado na vía pública mentres non son recollidos polos servizos de limpeza, salvo que se conte con licenza outorgada polo Concello.
3. O Concello poderá fomentar a través dos medios que considere oportunos as iniciativas públicas ou privadas encamiñadas á recollida selectiva e reciclaxe dos residuos.

Artigo 95. Recollida do lixo

1. O Concello establecerá o servizo de recollida domiciliaria do lixo coa frecuencia e horarios que considere máis idónea, e a través de calquera forma de xestión admitida en dereito.
2. O Concello poderá introducir en todo momento as modificacións ao programa de recollida que, por motivos de interese público, teña por conveniente. Os servizos

municipais farán pública coa suficiente antelación calquera cambio de horario, de forma ou de frecuencia no servizo.

3. O lixo depositarase entre as 21:00 e as 24:00 horas da noite. Queda prohibido o depósito fóra do horario establecido no parágrafo anterior.

4. A madrugada do sábado ao domingo non se presta o servizo de recollida do lixo. Polo tanto, prohíbese depositar o lixo dende as 24:00 horas do venres ata as 21:00 horas do domingo.

5. O disposto nos apartados 3 e 4 deste artigo entenderase sen prexuízo da excepción en canto ao horario de libramento do lixo que se reconece con respecto aos locais de hostelería no artigo 48.b) desta Ordenanza.

TÍTULO VII

RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 96. Reposición dos danos causados

A vulneración do disposto na presente Ordenanza pode dar lugar a que o Concello adopte as medidas precisas para que se restaure a realidade física alterada ou transformada como consecuencia das citadas actuacións, utilizándose os procedementos de execución forzosa reconecidos pola normativa de procedemento administrativo, e sen prexuízo da obriga de indemnizar os danos e perdas causados.

Artigo 97. Infraccións

1. Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias a que se refire esta Ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido no seu contido.

2. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Artigo 98. Denuncias

1. Toda persoa, natural ou xurídica, poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente Ordenanza en relación coas materias ás que se refire.

2. A denuncia deberá conter os datos precisos para facilitar aos servizos municipais a

correspondente comprobación.

3. Nos casos de recoñecida urxencia, poderase recurrir directamente aos servizos municipais que teñan encomendada a xestión destes supostos. Estes, logo de comprobalo, adoptarán as medidas de urxencia necesarias.

4. En todo caso, as denuncias formuladas polos particulares darán lugar á incoación do oportuno expediente, e se notificarán aos interesados as resolucións adoptadas.

Artigo 99. Responsabilidades por incumprimentos

1. As responsabilidades polos incumprimentos das obrigas sinaladas nesta Ordenanza serán esixibles non só por actos propios, senón tamén polos de aquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais dos que se fose propietario ou posuidor.

2. Cando se trate de obrigas colectivas, tales como o uso, conservación e limpeza de recipientes normalizados, limpeza de zonas comúns, etc., a responsabilidade atribuirase á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible cando aquela non estea constituída, e as denuncias efectuaranse contra ela ou contra a persoa que actúe como representante.

CAPÍTULO II

INFRACCIÓNS

Artigo 100. Infraccións leves

Cualificaranse como infraccións leves as que seguen:

a) Botar desperdicios na vía pública, así como realizar as operacións prohibidas do artigo 11, agás a do número 2, que terá carácter de grave.

b) Non manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles visibles dende a vía pública.

c) Deixar na vía pública residuos procedentes da limpeza de escaparates, portas e toldos de establecementos comerciais, ou a non limpeza das beirarrúas cando corresponda.

d) Rachar, ensuciar ou arrincar carteis ou anuncios instalados nos lugares ou emplacements autorizados.

e) Con relación aos recipientes herméticos e contedores normalizados de lixo, a súa falta de coidado, a colocación incorrecta nas vías públicas ou retiralos fóra do tempo establecido, desbordalos de lixo e non colocalos ao paso do camión da recollida.

- f) Presentar as escorias e cinzas dos xeradores de calor en recipientes non homologados.
 - g) Incumprir as regras de uso dos recipientes para residuos urbanos sinaladas no artigo 56.
 - h) Non limpar as deposicións de cans ou outros animais cando se estea obrigado a facelo, e incumprir a normativa de tránsito de animais establecida no artigo 27.
 - i) Facer o libramento de residuos domiciliarios fóra dos horarios autorizados.
- l) Calquera outra acción ou omisión constraía ás disposicións desta Ordenanza non expresamente cualificada como grave ou moi grave.

Artigo 101. Infraccións graves

Cualifícanse como infraccións graves as seguintes:

- a) Realizar as operacións prohibidas que supoñan verquidos particularizados no artigo 14 desta Ordenanza.
- b) Realizar actos de propaganda mediante o reparto, pegado ou lanzamento de carteis, folletos ou octavillas que lixen ou se coloquen nos espazos públicos, cando non se conte coa autorización preceptiva, así como a realización de publicidade con megafonía non autorizada.
- c) O fixado de carteis no arborado.
- d) Omitir as operacións de limpeza logo da carga e descarga de vehículos, e incumprir as obrigas establecidas para as actividades de obras no artigo 16, e o transporte de terras no artigo 19.
- e) Non retirar no prazo establecido os entullos procedentes de obras na vía pública, así como almacenar nela entullos ou materiais de construción, sen utilizar os contedores, ou colocar os mesmos con incumprimento do establecido na Ordenanza, e incumprir as demais obrigas sinaladas na Sección 8ª do Capítulo VI do Título V da presente Ordenanza.
- f) Colocar carteis en lugares non permitidos e realizar inscricións ou pintadas.
- g) Usar indebidamente ou danar os recipientes herméticos subministrados ou as papeleiras en terreos de dominio público.
- h) Abandoar mobles ou enseres voluminosos na vía pública ou espazos públicos.

- i) Abandoar cadáveres de animais na vía pública, no lixo domiciliario, ou nos espazos públicos.
- l) Depositar os residuos sanitarios ou os procedentes de locais de hostelería en recipientes non normalizados.
- m) Evacuar residuos sólidos ou líquidos pola rede de sumidoiros municipal.
- n) O consumo de bebidas alcohólicas na vía pública.
- o) Danar as papeleiras ou o resto de mobiliario urbano, movelas, volcalas ou arrincalas, facer pintadas nestes elementos, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación, e sempre e cando estas infraccións non tiveran a consideración de moi graves.
- p) Facer lume na vía pública, sexa no pavimento das calzadas ou no das beirarrúas, sempre e cando esta infracción non tivera a consideración de moi grave.
- q) Facer o libramento de residuos dos locais de hostelería e os de terras e entullos fóra dos horarios autorizados.
- r) A comisión de dúas faltas leves no prazo de dous anos. Para estes efectos, entenderase cometida a falta cando estea rematado o expediente sancionador na vía administrativa, con independencia do recurso contencioso administrativo que se poida interpoñer contra a resolución sancionadora.

Artigo 102. Infraccións moi graves

Cualificaranse como infraccións moi graves as seguintes:

- a) Adicarse á recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sen a debida autorización, ou entregalos a quen teña tal adicación.
- b) O verquido incontrolado de residuos industriais, perigosos e tamén os sanitarios que non estean asimilados a residuos domiciliarios.
- c) O abandono dun vehículo fóra de uso nas vías públicas ou espazos públicos.
- d) Non proporcionar ao Concello información sobre a orixe, cantidade e características dos residuos que poidan producir trastornos medioambientais no transporte ou tratamento, así como proporcionar datos falsos ou obstruír o labor inspector nos supostos de residuos industriais.

e) Cometer actos vandálicos dos referidos no Título IV que supoñan danos en bens públicos que os faga inservibles ou os deterioreen gravemente.

f) Facer lume na vía pública, sexa no pavimento das calzadas ou no das beirarrúas, cando se produzan danos nos mesmos que os fagan inservibles ou os deterioreen gravemente.

g) A comisión de dúas faltas graves no prazo de dous anos. Para estes efectos, enténdese cometida a falta cando estea rematado o expediente sancionador na vía administrativa, con independencia do recurso contencioso administrativo que se poida interpoñer contra a resolución sancionadora.

CAPÍTULO III

SANCIÓNS

Artigo 103. Sancións

1. A comisión dunha infracción administrativa das tipificadas no Capítulo anterior determinará, logo da instrución do correspondente procedemento sancionador, de acordo coa normativa sobre o procedemento administrativo común, a imposición das sancións sinaladas neste artigo. Os límites das sancións ordenaranse de acordo co establecido na Lei 57/03, de medidas para a modernización do goberno local.

2. Os límites dispostos no apartado anterior utilizaranse sen prexuízo da aplicación das sancións previstas na Lei 10/98, do 21 de abril, de residuos, no suposto referido no artigo 37.2 desta lei, e sen prexuízo da esixencia, cando proceda, das responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes.

3. As infraccións leves serán sancionadas con multa de contía variable dende 60 ata 500 euros.

4. As infraccións graves serán sancionadas con multa de contía variable dende 501 ata 1.500 euros.

5. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de contía variable dende 1.501 ata 3.000 euros.

6. En ningún caso a sanción será inferior ao beneficio económico que a infracción supoña para o infractor.

Artigo 104. Gradación das sancións

Na gradación das sancións deberase gardar a axeitada adecuación entre a gravidade da

infracción cometida e a sanción aplicada. Valorarase a existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados, a reiteración na comisión dos feitos e a intensidade dos danos causados a bens públicos ou as perturbacións ocasionadas aos demais usuarios da vía pública.

Artigo 105. Competencia para impoñer as sancións

1. O alcalde do Concello, ou ben o concelleiro que teña delegadas as funcións, serán competentes para impoñer as sancións cando procedan, logo da instrucción do correspondente expediente sancionador.

2. Será competencia do alcalde, ou do concelleiro en quen delegue, garantir o exacto cumprimento das normas contidas nesta Ordenanza, a través dos servizos administrativos aos que se lle encomenden estas funcións e co auxilio da Policía Local.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Nos aspectos non previstos no presente texto, será de aplicación a lexislación sectorial que corresponda, co seguimento dos procedementos administrativos instruídos pola administración competente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogada a Ordenanza xeral de limpeza do Concello de Oleiros, aprobado polo Concello Pleno na sesión de 28 de xaneiro de 1992 e publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 111, de 16 de maio de 1992, que fora modificada por acordo do Concello Pleno de 28 de maio de 1995, publicada esta modificación no Boletín Oficial da Provincia núm. 215, de 18 de setembro de 1995.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez cumpridos os trámites de exposición pública e aprobación definitiva (se é o caso), transcorra o prazo regulamentario a que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, e se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.